Vicens Vives
Educación Primaria

aula activa

SOCIAIS

3

Tema 04

A paisaxe que nos rodea

GUÍA DIDÁCTICA

- **Orientacións didácticas**
- **Solucionario**
- **Competencias Clave - Intelixencias Múltiples**
- **Atención á diversidade**
  - Actividades de Reforzo
  - Actividades de Ampliación
- **Recursos Didácticos**
  - Navegamos por Tiching
- **Libro Dixital**
- **Educamos en valores**

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

■ Nesta dobre páxina inicial os alumnos reflexionarán sobre o que é unha paisaxe. Buscarán imaxes de diferentes paisaxes na Internet.

■ Tamén leremos un fragmento narrativo no que se describe unha paisaxe. Os alumnos deberán:

- Explicar coas súas propias palabras o que é unha paisaxe.
- Analizar o contido do texto e identificar os elementos da paisaxe que describe.

Solucións das actividades

1. Actividade persoal. A modo de exemplo, podemos dicir que unha paisaxe é a extensión de terreo que podemos ver desde un lugar determinado.
2. Si. Porque unha paisaxe é o aspecto que ten o espazo que vemos dun territorio.
3. Actividade persoal.

   A modo de exemplo, poden sinalar as súas semellanzas e diferenzas en canto ás características dos seguintes elementos:
   - Presenza ou non de auga.
   - Chaira, montaña ou costa.
   - Elementos naturais.
   - Elementos humanizados.
   - Tipo de vexetación.
4. Os elementos relacionados coa natureza son:
   - O val.
   - A lúa.
   - O ceo.
   - O bosque.
   - O regato.
   - As montañas.
   - A longa fileira de outeiros suaves.
5. Os elementos construídos polo ser humano que aparecen citados neste texto son: o muíño vello e as casas.
6. Actividade persoal.

Actividades de reforzo

1. Os alumnos describirán a fotografía desta dobre páxina:

Intelixencia múltiple	Actividade	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Intrapersoal	2	Reflexionar acerca das características do espazo que nos rodea e explicar se se trata dunha paisaxe.
Espacial	6	Debuxar unha paisaxe a partir das indicacións contidas nun texto escrito.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sociais e cívicas	Explicar que é unha paisaxe e identificar os principais elementos que o compoñen.	Explicar que é unha paisaxe. Act. 1. Describir o espazo que rodea o propio colexio e decidir se se trata dunha paisaxe. Act. 2. Buscar fotografías de paisaxes e comparalas entre si. Act. 3. Diferenciar os elementos naturais e humanizados dunha paisaxe. Act. 4 a 6.
Dixital	Utilizar as Tecnoloxías da Información para aprender.	Buscar fotografías de paisaxes na Internet. Act. 3.
Comunicación lingüística	Ler un texto e responder as preguntas sobre o seu contido.	Comentar un texto descritivo dunha paisaxe. Act. 4 a 6.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)



Memorias dunha vaca

***Memorias dunha vaca* é a autobiografía de Mo, unha vaca negra de cincuenta anos que un día decide narrar a súa vida. A modo de diario, Mo explica como vive, quen son os seus amigos e cales son os seus pensamentos.**

Non sei cantas cousas se poden ver ao mesmo tempo, se poden verse dez, quince ou corenta e cinco, pero cando menos eu, ao baixar do bosque ata o muíño vello, vin unha cantidade enorme de cousas.

Vin a lúa no ceo despexado do atardecer, e ao lonxe unha montaña grande que para aquela hora xa estaba medio en sombras; e diante desa montaña, outra máis pequena; e diante desa montaña máis pequena, outra máis pequena aínda; e diante desa montaña máis pequena, unha longa fileira de outeiros moi suaves.

Pero non vin só iso: ao mesmo tempo que a lúa, o ceo e todas aquelas montañas, vin o val no que nacera, co seu bosque, os seus prados e as súas casas; unha casa ao lado esquerdo do regato, outra ao lado dereito, e logo máis preto Balanzategui, e aínda máis preto, enfronte miña, o muíño vello.

Mais, con todo, o que vin non foi só iso: ao tempo que lúa, ceo, montañas, val, bosques, prados, casa e muíño, os meus ollos viron tamén catro individuos, os catro a moi pouca distancia do carreiro onde eu estaba.

Bernardo ATXAGA: *Memorias de una vaca* (tradución e adaptación). Madrid, Ediciones SM, 2002.

Le e comprende

4. Que elementos relacionados coa natureza aparecen neste fragmento da novela?

5. Enumera tamén os elementos que construíu o ser humano e que aparecen neste texto.

Exprésate cun debuxo

● **6.** Como imaxinas a paisaxe que se describe? Debúxaa.

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/675978– Mostraremos ós alumnos este xogo que servirá para que tomen conciencia dos cambios que hai que facer na redonda para que o ser humano poida vivir nela.
- http://www.tiching.com/83960– Páxina web cunha presentación dos tipos de paisaxes que existen en función da intervención humana, do relevo e do clima e a vexetación.

Pedirémoslle a cada neno que escriba un resumo dos contidos explicados, que entón lle lerá ao resto da clase.

LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

– *Cal é a cor que predomina nesta paisaxe?*

– *É unha paisaxe de cidade ou de campo?*

– *En que partes da fotografía hai bosques?*

– *Como son as montañas que hai ao fondo?*

Centrarémonos agora nos elementos humanos da paisaxe e preguntarémoslles:

– *En que zonas desta paisaxe viven as persoas?*

– *Onde viven, en casas ou en bloques de pisos?*

– *Hai algún camiño na fotografía? E estradas?*

Actividades de ampliación

1. Pedirémoslles aos nenos que busquen na Internet algunha fotografía que poida representar a vaca do relato que leron.

Para iso, indicarémoslles que procedan desta maneira:

a) Escribirán no buscador "vaca" e farán clic en Buscar.

b) Seleccionarán nas ferramentas de busca a pestana "Imaxes".

c) Escollerán a fotografía da vaca que máis lles guste.

Os alumnos farán unha posta en común debatendo cal delas podería ser a máis adecuada para representar o libro *Memorias dunha vaca*.

Solución: Actividade persoal e en grupo. A vaca debe ser negra, tal e como se indica no texto.

Educamos en valores

- Tanto se se trata dunha paisaxe natural ou humanizada temos que tomar conciencia de que entre todos debemos mantela limpa para poder gozar dela.

Podemos introducir un diálogo cos alumnos a partir das seguintes preguntas:

– *Que pasaría na nosa localidade se todos tirásemos un papel ou un chicle ao chan cada día?*

– *Que sentides cando encontrades un lugar sucio e con lixo? E cando o encontrades limpo?*

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

- Esta sección ten por obxectivo sinalar as principais características dunha paisaxe:
  - Os elementos naturais dunha paisaxe.
  - Os elementos humanos dunha paisaxe.
  - Os diferentes tipos de paisaxes: paisaxes de interior (de montaña ou de chaira), e de costa.
  - Os cambios que se producen nunha paisaxe.

Solucións das actividades

1. Actividade persoal. A modo de exemplo: a montaña, as rochas, as pedras, a auga, as árbores, a herba, os animais...
2. Resposta persoal. A modo de exemplo, poderiamos dicir que o relevo adoita ser o elemento máis importante e que condiciona e fai que unha paisaxe sexa completamente natural. Por iso é máis doado observalos nas zonas de alta montaña.
3. Actividade en grupo.

   Os elementos humanos máis abundantes que podemos encontrar nunha paisaxe son as casas nas que viven as persoas.
4. Un campo de millo, a pesar de estar cargado de vexetación, é unha paisaxe humanizada porque foi construído polo ser humano que o labrou, sembrado, regado, etc.
5. Resposta persoal.
6. Resposta persoal.
7. Actividade en grupo.

Actividades de reforzo

1. Clasifica estes elementos segundo pertenzan a unha paisaxe natural ou humanizada:

río	*cidade*
bosque	*estrada*
porto	*encoro*
cordilleira	*horto*

Solución: A clasificación é:

Paisaxe natural: Río, bosque, estrada cordilleira.

1 Elementos naturais e humanos da paisaxe

Chamámoslle paisaxe ao aspecto que ten un territorio. Cando imos de excursión ou miramos pola fiestra, vemos a paisaxe que nos rodea. As paisaxes están formadas por elementos naturais e humanos.

1 Elementos naturais da paisaxe

Son os que se atopan na natureza. Os máis importantes son:

- O **relevo**. É o conxunto de formas que presenta un terreo: unha montaña, un val, unha chaira...
- A **auga**. Pódese atopar nos ríos e lagos, nos mares e océanos, nos acuíferos, etc.
- A **vexetación**. É o conxunto de plantas que medran nun lugar.

Chamámoslle **paisaxe natural** a aquela paisaxe na que só hai ou predominan os elementos naturais.

1. Observa a fotografía e elabora unha listaxe cos elementos naturais desta paisaxe.
2. Cal é para ti o elemento máis importante que define unha paisaxe natural? Por que?

Na actualidade hai moi poucas paisaxes que sexan completamente naturais. Entre as que podemos observar están as de alta montaña.

Tipos de paisaxes

En función da súa proximidade ou afastamento do mar e das características do relevo, as paisaxes clasifícanse en:

- **Paisaxes de interior**. Son as que están afastadas do mar.

  Segundo o seu relevo, poden ser de **montaña** ou de **chaira**.
- **Paisaxes de costa**. Están situadas xunta o mar.



50 Tema 4

Intelixencia múltiple	Actividade	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Lingüística	3	Participar nun debate de forma ordenada achegando opinións apoiadas en argumentos sólidos.
Espacial	7	Observar a paisaxe que rodea a escola e identificar todos os elementos que a compoñen.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sociais e cívicas	Explicar que é unha paisaxe e identificar os principais elementos que o compoñen. Identificar as características propias das paisaxes de montaña, chaira e costa.	Identificar os elementos naturais dunha paisaxe e caracterizar unha paisaxe natural. Act. 1, 2, 7. Recoñecer os elementos humanizados dunha paisaxe. Act. 3, 4, 7. Diferenciar a paisaxe de costa e a paisaxe de interior. Act. 5.
Matemática, ciencias e tecnoloxía	Recoñecer no medio as transformacións ocorridas no tempo.	Recoñecer as transformacións na paisaxe causadas polo ser humano. Act. 2, 3 e 4.
Aprender a aprender	Desenvolver técnicas para organizar a información mediante a clasificación en cadros.	Clasificar nun cadro os elementos naturais e humanizados da paisaxe que nos rodea. Act. 7.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

2 Elementos humanos da paisaxe

Son os que construíron as persoas:

- As **aldeas**, **vilas** e **cidades** nas que vivimos.
- As **estradas** e os **camiños**, os **túneles**, as **pontes**, os **portos**, para facilitar as comunicacións.
- Os **campos de cultivo**, ou **leiras**, dos que obtemos alimentos; as **naves industriais** nas que se elaboran os produtos e se almacenan, etc.

As paisaxes que conteñen algúns destes elementos son **paisaxes humanizadas**.

As estradas, as pontes e os portos e aeroportos constitúen as **vías de comunicacións**.

A vivenda é un dos elementos humanos máis frecuentes na paisaxe.

3. Cal de todos os elementos humanos vos parece que é o máis abundante nunha paisaxe? Debatédeo na clase.

Cambios na paisaxe

Antigamente, o ser humano aproveitaba os recursos da natureza para obter alimentos. Os cambios que realizaba sobre a paisaxe eran moi lentos e apenas se notaban.

Na actualidade, construímos autoestradas, estradas, redes de ferrocarril e aeroportos, novos barrios e urbanizacións.

Estes cambios ás veces prodúcense tan rapidamente que, no transcurso de poucos anos, a paisaxe natural mesmo desaparece ou resulta difícil de recoñecer.

4. Un campo de millo é unha paisaxe natural ou unha paisaxe humanizada?

5. A localidade onde ti vives atópase nunha paisaxe de interior ou de costa?

6. Podes identificar na túa localidade algúns elementos da paisaxe natural? Anótaos no teu caderno.

7. Observade entre todos os compañeiros e compañeiras a paisaxe que se ve desde a ventá da vosa clase:

– Anotade os seus elementos no caderno.

– Clasificade todos os elementos en dúas listaxes, unha para os que son naturais e outra para os que son humanos.

Paisaxe humanizada: cidade, porto, encoro, horto.

2. Solicitarémoslles aos alumnos que busquen fotografías de diversas paisaxes na Internet.

Para iso, abondará con que escriban na buscador a palabra "paisaxes" e seleccionen a pestana "Imaxes". Cada un escollerá un par de paisaxes e farán unha posta en común para as clasificar en dous grupos, segundo sexan naturais ou humanizadas

Solución: Actividade en grupo.

Actividades de ampliación

1. Pedirémoslles aos nenos que comparen as dúas fotografías que acharán no segundo enderezo do apartado *Navegamos por Tiching* e respondan estas cuestións:

– *Cal destas fotografas é máis antiga?*

– *Como cambiou a paisaxe co paso do tempo?*

– *Que elementos da paisaxe se mantiveron sen cambios?*

– *Localiza algúns medios de transporte.*

Solución: As respostas son as seguintes:

– A fotografía superior é a máis antiga.

– Destacaremos a construción masiva de edificios, do porto e a desaparición da praia.

– As montañas mantivéronse sen cambios.

– Na fotografía máis recente podemos ver, barcos pesqueiros, iates e coches.

Navegamos por Tiching

- http://www.tiching.com/83969– Neste portal encontramos unha galería de imaxes de paisaxes urbanas e rurais.

Iremos mostrándolles diferentes fotografías aos alumnos para que as vaian describindo á vez que indican os seus elementos característicos.

- http://www.tiching.com/83971– Observaremos cos alumnos estas dúas imaxes que nos mostran como cambiou unha paisaxe debido á transformación humana. Iremos comentando colectivamente os seus cambios.

Libro dixital

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

Anotacións

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

- Nesta sección analizaremos as características máis destacadas das paisaxes de montaña:
- Os principais elementos de relevo.
- Como é a vida nas zonas de montaña.

Solucións das actividades

1. A vexetación é máis abundante nas ladeiras dunha montaña e non na cima, xa que a medida que se ascende a vexetación vai desaparecendo e no seu lugar encontramos prados ou rochas.
2. Os habitantes das zonas de montaña acostuman traballar nos seguintes sectores:
   - A agricultura.
   - A gandería.
   - A industria artesanal.
   - A produción de enerxía hidroeléctrica.
   - O turismo: deportes de aventura, turismo rural, esquí, etc.
3. As pontes e os viadutos constrúense coa finalidade de facilitar o paso á hora de atravesar ríos, barrancos e vales.

   Os túneles constrúense para mellorar as comunicacións e poder atravesar as montañas de forma máis rápida e con menos risco.
4. Os elementos naturais da paisaxe de montaña que aparece representado no debuxo son: a montaña, a serra, a cordilleira, o bosque, os prados, o río e o val.
5. Os bosques están situados en nas partes máis baixas das ladeiras das montañas e nos vales.

   Os campos están situados nas zonas máis chas do val.
6. Os elementos humanos da paisaxe de montaña do debuxo son: a aldea, a estrada, a ponte, o camiño, os campos e o encoro.
7. Actividade persoal. Outros elementos humanos son:

2 A paisaxe de montaña

Chamámoslle paisaxe de montaña á que está situada nas zonas máis elevadas da Terra.

1 Como é a paisaxe de montaña?

No seu relevo hai montañas e vales:

- Unha **montaña** é unha grande elevación do terreo. Divídese en tres partes: **cume**, **ladeira** ou **aba** e **pé**.

  Un grupo de montañas forman unha **serra**.

  Un conxunto de serras forman unha **cordilleira**.
- Un val é unha extensión de terreo chan situado entre montañas.

Na montaña, a **vexetación** varía coa altura. Nas partes máis baixas e nos vales hai bosques.

Segundo se vai ascendendo polas ladeiras, a vexetación é menos abundante.

Nos cumes das montañas máis altas hai prados ou rochas.

1. Onde hai máis vexetación, no cume ou nas ladeiras dunha montaña?

2 A vida na montaña

As **vilas** e **aldeas** son pequenas e están situadas nos vales ou nas ladeiras soleadas das montañas.

Os seus habitantes traballan na **agricultura**, na **gandaría** e nas **industrias artesanais** (queixo, leite, carne, embutidos…).

Nalgunhas zonas teñen importancia a **produción de electricidade** (**enerxía hidroeléctrica**) e as actividades relacionadas co **turismo** (deportes de aventura, turismo rural, esquí, etc.).

As estradas son estreitas e con curvas. Para cruzar montañas, constrúense **túneles**; e para atravesar ríos e vales, **pontes** e **viadutos**.

2. Que traballos adoitan realizar os habitantes das zonas de montaña?
3. Con que finalidade se constrúen pontes, viadutos, e túneles?



VOCABULARIO

Cume: Parte máis alta da montaña.

Ladeira ou **aba:** Cada un dos lados da montaña.

Pé: Base da montaña.

52 Tema 4

Intelixencia múltiple	Actividade	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Espacial	7	Debuxar unha paisaxe natural de montaña e introducir cinco elementos humanizados nela.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sociais e cívicas	Explicar que é unha paisaxe e identificar os principais elementos que a compoñen. Identificar as características propias das paisaxes de montaña, chaira e costa.	Identificar os elementos naturais e humanizados que forman a paisaxe de montaña. Act. 1, 3, 4-8. Explicar as formas de vida dos habitantes da montaña. Act. 2. Buscar o nome e a localización da montaña máis alta da Terra. Act. 9. Pescudar a función dun túnel próximo á localidade. Act. 10.
Dixital	Interpretar imaxes e detectar a información que transmiten.	Interpretar un debuxo esquemático sobre a paisaxe de montaña. Act. 4 a 6.
Aprender a aprender	Esforzarse para resolver actividades de crecente complexidade.	Buscar información sobre o monte Everest. Act. 9.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

4. Localiza os elementos naturais da paisaxe deste debuxo.
5. Onde están situados os bosques? E os campos?
6. Cita os elementos humanos da paisaxe de montaña.

7. Debuxa no teu caderno unha paisaxe natural de montaña. Seguidamente debuxa cinco elementos que humanicen esta paisaxe.
8. Explica como inflúe o relevo no trazado das estradas de montaña.
9. Como se chama a montaña máis alta da Terra? En que continente se atopa?
10. Buscade un túnel que estea preto da localidade onde vivides e indagade que montaña ou serra cruza.

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/675980– Observaremos este vídeo sobre a paisaxe de montaña. A continuación, pedirémoslles aos alumnos que debuxen este tipo de paisaxe.
  – *Vives nun lugar preto da montaña? Que cousas máis características da paisaxe de montaña podes identificar?*

LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

– Unha ponte, un refuxio, un viaduto, un túnel, unha gasolineira, as torres do tendido eléctrico, etc.

8. Resposta persoal. A modo de exemplo, podemos dicir que nas zonas de montaña o relevo dificulta as comunicacións facendo que as estradas sexan, en ocasións, estreitas e con moitas curvas.

Utilízanse túneles para atravesar as montañas evitando trazados longos e perigosos. A construción de pontes e viadutos facilita a circulación atravesando ríos e vales.

9. A montaña máis alta da Terra é o Everest, que se encontra no continente asiático. Alcanza unha altura de 8.848 metros sobre o nivel do mar.

10. Actividade persoal.

Actividades de reforzo

1. Cada alumno debuxará unha montaña e escribirá onde corresponda:

– *Cima, ladeira, pé, prados, bosque, río.*

Despois, dividirán a superficie dun folio pola metade e debuxarán nunha parte unha serra e, na outra, unha cordilleira. Explicarán que diferenza hai entre ambas as dúas.

Solución: Actividade persoal. Unha serra é un conxunto de montañas. Unha cordilleira é un conxunto de serras.

Actividades de ampliación

1. Pedirémoslles aos alumnos que busquen información sobre diversas actividades de lecer que se poidan realizar ao aire libre nunha paisaxe de montaña.

Solución: Actividade persoal. Por exemplo: sendeirismo, barranquismo, alpinismo, baixada de augas bravas, pirauguismo, parapente, escalada, raquetas, esquí, zorras, vías ferratas.

ANOTACIÓNS

.....

.....

.....

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

- Nesta sección analizaremos as características máis destacadas das paisaxes de chaira:
- Os tipos de relevo: chairas, mesetas e depresións.
- Como é a vida dos habitantes das paisaxes de chaira.

Solucións das actividades

1. Non. Os dous son tipos de chairas pero unha meseta é unha chaira elevada respecto ás terras que a rodean, mentres que unha depresión é unha chaira afundida respecto ás terras que hai ao seu arredor.
2. Nas chairas as comunicacións son máis doadas que nas montañas porque o relevo está formado por extensos terreos chans, con poucos desniveis e con algúns outeiros illados.

   Desta maneira, as estradas non teñen que sortear grandes obstáculos do terreo. De feito, as zonas de chaira son as máis apropiadas para a construción de autovías e autoestradas.
3. As principais formas do relevo da paisaxe de chaira que aparecen no debuxo son: o río, o outeiro, o bosque de ribeira, a chaira (depresión) e a meseta.
4. A vexetación natural na paisaxe do debuxo podémola encontrar no bosque do outeiro e no bosque de ribeira.

   Podemos supor que onde agora hai campos de cultivo, aldeas e estradas antes había bosques que co tempo se foron cortando.
5. Actividade persoal. A modo de exemplo, podemos encontrar no mapa os seguintes elementos humanizados:
   - *A aldea: está formada por casas baixas. O Concello está na* Praza Maior e xunto a el hai unha igrexa.
   - A estrada: é de dous carrís e conecta a aldea coa cidade.

3 A paisaxe de chaira

A paisaxe de chaira está formada por extensos terreos chans, con poucos desniveis e con algúns outeiros illados.

1 O relevo de chaira

Neste tipo de paisaxe podemos distinguir chairas, mesetas e depresións:

- Unha **chaira** é unha extensión de terreo chan.
- Unha **meseta** é unha chaira elevada respecto das terras que a rodean.
- Unha **depresión** é unha chaira afundida respecto das terras do seu arredor.

Nas chairas pode haber algunhas montañas illadas, que se chaman **outeiros**.

Pola chaira discorren os ríos que baixan polas montañas. As súas augas utilízanse para regar os campos, facer funcionar as industrias e abastecer a poboación. As chairas foron desde antigo o lugar escollido polos seres humanos para vivir.

Por iso, nas paisaxes de chaira hai pouca vexetación natural. Isto débese a que se cortaron bosques e no seu lugar hai campos de cultivo, vilas, estradas...

1. É o mesmo unha meseta ca unha depresión?

2 A vida na chaira

Nas chairas, as aldeas, vilas e cidades son máis grandes que nas montañas.

Os habitantes das aldeas e vilas pequenas realizan traballos moi diversos. Hai persoas que traballan na **agricultura**, na **gandaría** e en pequenas **industrias**.

Nas localidades máis grandes os seus habitantes traballan nas **industrias** e nos **servizos** como **tendas**, **bancos**, **hospitais**, **colexios**, **institutos**...

O relevo chan facilita as comunicacións e construíronse moitas estradas, autoestradas e autovías.

2. Por que nas chairas as comunicacións son máis doadas que nas montañas?



VOCABULARIO

Outeiro: Elevación natural do terreo máis baixa que unha montaña.

Servizos: Traballos que facilitan a vida das persoas

Intelixencia múltiple	Actividade	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Espacial	6	Debuxar unha paisaxe de chaira no que aparezan diversos relevos propios desta paisaxe.
	8	Buscar información sobre a Meseta Central, o relevo de chaira máis importante do territorio español.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sociais e cívicas	Explicar que é unha paisaxe e identificar os principais elementos que a compoñen. Identificar as características propias das paisaxes de montaña, chaira e costa.	Identificar os elementos naturais e humanizados que forman a paisaxe de chaira. Act. 1-6, 9. Razoar o motivo polo que a chaira está moi habitada. Act. 7. Pescudar o nome do gran relevo de chaira que domina a Península Ibérica. Act. 8.
Dixital	Interpretar imaxes e detectar a información que transmiten.	Interpretar un debuxo esquemático sobre a paisaxe de chaira. Act. 3 a 5.
Aprender a aprender	Organizar, memorizar e recuperar a información obtida.	Debuxar os distintos relevos da paisaxe de chaira. Act. 6.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

3. Localiza no debuxo as principais formas do relevo da paisaxe de chaira.
4. Onde podes atopar a vexetación natural? Onde che parece que antes había bosques?
5. Busca catro elementos humanizados desta paisaxe e descríbeos.

6. Debuxa no teu caderno unha paisaxe na que apareza unha chaira, unha meseta, un outeiro, unha depresión e un río.
7. Razoa por que as chairas están moito máis habilitadas que nas zonas de montaña.
8. A meirande parte do territorio español está sobre unha forma de relevo de chaira. Indaga cal é.
9. Como chega a auga dos ríos ata os campos para regar os cultivos?

Tema 4 55

– Os campos de regadío: están situados xunto ao río para facilitar o rego dos cultivos porque necesitan moita auga.
– A ponte: pasa polo encima do río e permite que a estrada chegue á aldea.

6. Actividade persoal.

7. As chairas foron, desde antigo, lugares moito máis habitados que as zonas de montaña porque o seu relevo chan e con poucos desniveis era máis apto para as comunicacións.

Ademais, pola chaira discorren os ríos, tan necesarios para regar os campos, facer funcionar as industrias e abastecer a poboación.

Por outro lado, as condicións climáticas das chairas non son tan extremas como as das zonas de montaña

8. A maior parte do territorio español está formado por unha gran Meseta que ocupa o centro peninsular e que ten unha altitude media duns 660 metros.

9. Se os alumnos observan con atención o debuxo do libro descubrirán que, xunto aos campos de regadío, hai unha *canle* que é a construción encargada de transportar e de facer chegar a auga do río ata os cultivos.

Actividades de ampliación

1. Proporémoslles aos alumnos a construción dunha maqueta que represente unha paisaxe de chaira.

Para iso, utilizarán unha base de cartón e crearán os distintos elementos con plastilina, papel, area, herba, figuras de plástico, xogos de construción…

Solución: Actividade en grupo.

Navegamos por Tiching

- http://www.tiching.com/675981 – Visionaremos este audiovisual para poder reforzar e sintetizar os conceptos sobre a paisaxe de chaira.
- http://www.tiching.com/675982 – Podemos utilizar este recurso para afondar nas características das chairas e os vales.

Libro dixital

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

Anotacións

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

- Esta dobre páxina céntrase na análise e a descrición da paisaxe de costa:
  - As distintas formas que pode adoptar o relevo de costa.
  - Como é a vida das persoas nas zonas de costa.
- A explicación ilústrase cun debuxo no que poderán identificarse e diferenciarse os distintos accidentes costeiros.

Solucións das actividades

1. Tanto o golfo como a baía son zonas nas que o mar entra na terra.

   Diferéncianse só polo seu tamaño.

   Cando a porción de mar que entra na terra é moi grande recibe o nome de *golfo*. Se é pequena chámase *baía*.

   Pola súa parte, o golfo e o cabo son accidentes xeográficos de características opostas.

   O *cabo* é unha porción de terra que entra no mar, mentres que o *golfo* é unha porción de mar que entra na terra.

2. Os habitantes das aldeas e cidades de costa adoitan traballar nos seguintes sectores:
   - A pesca.
   - O turismo.
   - A industria.
   - O comercio.
   - A agricultura.
   - Os transportes.

3. As formas do relevo costeiro que aparecen no debuxo son:
   - *Praia*: porción de terra xunto ao mar formada por areais en superficie case plana.
   - *Cabo*: porción de terra que penetra no mar.
   - *Golfo*: gran porción de mar que se interna na terra.
   - Baía*: porción de mar que se interna na terra, de menor extensión que un* golfo.
   - *Delta*: terreo situado na desembocadura dun río formado polos sedimentos fluviais que alí se depositan.

4 A paisaxe de costa

A paisaxe de costa atópase nas zonas próximas ao mar.

1 As formas da costa

A costa pode ser de dous tipos:

- Costa **alta**, con **acantilados** ou **cantís**, cando as montañas chegan ata o mar.
- Costa **baixa**, con praias, cando as terras que están xunto ao mar son chás.

A costa en contacto co mar pode ter diferentes formas, con entrantes e saíntes:

- **Cabo**: é unha porción de terra que entra no mar.
- **Golfo**: é unha parte de mar que entra na terra. Un golfo moi pequeno chámase **baía** ou **badía**.
- **Península**: é unha porción de terra rodeada de auga por todas partes.
- **Estreito**: é unha franxa de mar que separa dúas terras próximas entre si.
- **Illa**: é unha porción de terra rodeada de auga por todas partes. Un **arquipélago** está formado por varias illas próximas entre si.

1. En que se diferencia un golfo dunha badía? E un golfo dun cabo?

2 A vida na costa

A costa adoita ser unha **zona moi poboada**, con moitas vilas e cidades.

A poboación traballa na **pesca** e tamén na **agricultura**, pero sobre todo nas actividades relacionadas co **turismo**, na **industria**, no **comercio** e nos **transportes**.

Estas localidades están ben comunicadas por estrada, autoestrada e ferrocarril.

En moitas delas hai **portos**.

2. Cales son os principais traballos que ocupan a poboación das vilas e cidades de costa?

VOCABULARIO

Acantilado ou **cantil:** Beira do mar formada por rochas e con moito desnivel.

Praia: Beira do mar chá, polo xeral cuberta de area.

Intelixencia múltiple	Actividade	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Intrapersoal	6, 7	Buscar información sobre o relevo español de forma autónoma fomentando o gusto por aprender.
Naturalista	2	Reflexionar sobre o impacto do ser humano sobre a paisaxe natural.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sociais e cívicas	Explicar que é unha paisaxe e identificar os principais elementos que a compoñen. Identificar as características propias das paisaxes de montaña, chaira e costa.	Identificar os elementos naturais e humanizados que forman a paisaxe de costa. Act. 1, 3-5, 8. Explicar as formas de vida dos habitantes da costa. Act. 2. Identificar algunhas formas do relevo costeiro español. Act. 6-7.
Dixital	Interpretar imaxes e detectar a información que transmiten.	Interpretar un debuxo esquemático sobre a paisaxe de costa. Act. 3 a 5.
Matemática, ciencias e tecnoloxía	Recoñecer as principais formas do relevo español.	Buscar información nun atlas sobre algunhas das formas do relevo costeiro español. Act. 6-7.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

3. Localiza no debuxo formas do relevo costeiro e defíneas.
4. Que elementos desta paisaxe foron construídos polas persoas?
5. Como sería esta paisaxe sen a intervención do ser humano?

6. A meirande parte do territorio español atópase sobre unha forma do relevo costeiro.
   – Indaga cal é e como se chama.
   – Como se chama o istmo que a une ao resto do continente?

7. O territorio español abrangue tamén dous arquipélagos. Indaga os seus nomes e o das distintas illas que o compoñen.
8. Os deltas atópanse nas desembocaduras dos ríos. Indaga como se forman.

Tema 4 57

– *Península*: porción de terra rodeada de auga por todas as partes menos por unha.
– *Istmo*: lingua de terra que une unha península co continente.
– *Estreito*: paso comprendido entre dúas terras e polo cal se comunica un mar con outro.
– *Acantilado*: pendente escarpada ou vertical sobre a costa.
– *Illa*: porción de terra rodeada de auga por todas as partes.
– *Arquipélago*: conxunto de illas próximas entre si.

4. Os elementos humanos da paisaxe de costa do debuxo son: a aldea, a urbanización, as industrias, a estrada, o faro, o porto e a cidade.

5. Resposta persoal.

A modo de exemplo, podemos dicir que sería unha paisaxe natural no que aparecerían unicamente os accidentes costeiros e bosques en terra firme.

6. O territorio español encóntrase sobre a península ibérica.

O istmo que a une ao resto de Europa son os Pireneos.

7. O territorio español comprende dous arquipélagos compostos cada un deles polas seguintes illas:

– *As Illas Baleares*: Mallorca, Menorca, Eivisa e Formentera.
– *As Illas Canarias*: Gran Canaria, Fuerteventura, Lanzarote, Tenerife, A Palma, A Gomeira, O Ferro.

8. Un delta fórmase pola acumulación dos sedimentos fluviais na desembocadura dalgúns ríos.

Nos ríos máis grandes, os depósitos son tan abundantes que o río se divide en varios brazos que se van separando.

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/83935 – Miraremos este vídeo que realiza un paseo por diversas zonas da costa galega. Preguntaremos:

– *Nesta paisaxe as montañas chegan ao mar? Como se chama ese corte vertical? Hai praias nesta costa? Como son?*

- http://www.tiching.com/675984 – Visionaremos este audiovisual educativo sobre a formación dun delta.

LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

ANOTACIÓNS

.....
.....
.....
.....

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

- No apartado *Aprendiz de xeógrafo* analizaremos cos alumnos a degradación do medio ambiente como consecuencia da actividade humana e algunhas das medidas adoptadas para preservar a natureza. Comentaremos:
  - As diferentes maneiras como contaminamos o medio natural.
  - A creación de varias categorías de espazos protexidos.
  - Introdúcese, ademais, a análise dun mapa de España no que poden localizarse os Parques Nacionais que hai no noso país.

Solucións das actividades

1. As principais actividades humanas que degradan as nosas paisaxes son as seguintes:
   - A contaminación cos desperdicios que tiramos ao medio natural, como o lixo, residuos químicos e outros desperdicios.
   - A deforestación mediante a corta de bosques para obter madeira ou froitos, ou a provocación de incendios co fin de ampliar a superficie de terras para o pasto do gando.
   - A sobreexplotación dalgúns recursos naturais como os bosques, a auga, determinadas minerais e algúns animais, que poden chegar a extinguirse.
2. Resposta persoal.

   A modo de exemplo, poden comentar que as tres modalidades de degradación do medio natural poderían reducirse elevando o nivel de concienciación da poboación, regulando de forma máis estrita os vertidos e planificando a explotación sostible dos recursos naturais.
3. A protección das paisaxes e do medio natural en xeral é necesaria para evitar que desaparezan os seres vivos e para non prexudicar os seres humanos, é dicir, por ambas as dúas cousas á vez.

Aprendiz de xeógraf@

Como podemos protexer a paisaxe

Xa viches que a acción humana transformou a paisaxe natural. A intensa actividade humana sobre a paisaxe está degradando o noso medio natural e pon en perigo a supervivencia de moitas especies vexetais e animais.

A preocupación por conservar a natureza fixo que se tomen medidas de protección dos **espazos naturais** co fin de conservalos e previr a súa deterioración.

DOC. 1 Como contaminamos o medio natural

A contaminación

Os seres humanos contaminamos cos refugallos que guindamos ao medio natural, como o lixo e outros desperdicios.

A deforestación

É a destrución de grandes extensións de bosques pola acción humana.

Cortamos os bosques para obter madeira ou froitos, ou para substituír algunhas árbores por outras máis produtivas.

Ás veces, provócanse incendios co obxectivo de ampliar as terras para o pasto do gando.

A sobreexplotación

É o consumo en grandes cantidades dalgúns recursos naturais: os bosques, a auga, algúns minerais e algúns animais.

Se os consumimos demasiado poden chegar a esgotarse.

1. Que actividades humanas degradan as nosas paisaxes?
2. Cales cres que se poderían evitar con máis facilidade?
3. Por que temos que protexer as paisaxes?
   - Para evitar que desaparezan seres vivos.
   - Para non prexudicar os seres vivos.
   - Por ambas as dúas cousas á vez.

Intelixencia múltiple	Actividade	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Naturalista	1	Reflexionar acerca das actividades que degradan as paisaxes naturais.
	3	Argumentar a necesidade de protexer as paisaxes.
Interpersoal	4	Realizar un traballo en grupo sobre un Parque Nacional de España.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sociais e cívicas	Adoptar unha actitude crítica e responsable fronte á contaminación medioambiental.	Expor as actividades que degradan o medio natural. Act. 1, 2. Expor por que se deben protexer as paisaxes e investigar sobre os Parques Nacionais. Act. 3, 4.
Conciencia e expresións culturais	Valorar o patrimonio natural de España.	Investigar sobre a riqueza natural dun Parque Nacional. Act. 4.
Dixital	Utilizar as Tecnoloxías da Información para aprender.	Buscar información e fotografías na Internet. Act. 4.
Sentido de iniciativa e espírito empren...	Participar de forma activa en actividades colaborativas.	Elaborar un mural en grupo sobre un Parque Nacional. Act. 4

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

DOC. 2 Os Parques Nacionais en España

Para preservar a nosa natureza, evitar a súa alteración ou desaparición e que poidan gozar dela as xeracións futuras, en España creáronse distintos tipos de espazos protexidos, que se clasifican en diferentes categorías.

Destacan os **Parques Nacionais**, os **Parques Naturais**, as **Reservas Naturais**, os **Monumentos Naturais** e as **Paisaxes Protexidas**.

A REDE DE PARQUES NACIONAIS DE ESPAÑA

Os **Parques Nacionais** son espazos naturais pouco transformados pola actividade humana. Salientan pola beleza das súas paisaxes ou por ter unha vexetación ou fauna singulares.

4. Dividide a clase en grupos. Cada grupo debe escoller un Parque e buscar información sobre:

- Onde se atopa o Parque; se está nunha zona de chaira, de montaña ou de costa.
- Cal é a principal riqueza natural.
- Buscade tamén fotografías e mapas.

Coa información que recollésedes elaborade un mural. Expoñédelle ao resto de compañeiros e compañeiras como é o Parque Nacional que traballastes e, finalmente, colgade o mural na aula.

4. Actividade en grupo.

Actividades de reforzo

1. Utilizaremos catro caixas de cartón para representar os diferentes tipos de contedores e pintarémolas cada unha da cor correspondente:

Caixa azul: destinarémola ao papel e cartón.

Caixa verde: destinarémola ao vidro e cristal.

Caixa amarelo: destinarémola aos envases de plástico e brick.

Caixa gris ou marrón: destinarémola á materia orgánica, plantas, tapóns de cortiza, terra, cinzas, cabichas, etc.

Dividiremos a clase en grupos de catro alumnos e pedirémoslles que cada alumno debuxe un residuo correspondente a cada caixa.

Unha vez realizados os debuxos mesturarémolos e irémolos sacando de un en un. Mostrarémosllo ao resto da clase e colocarémolos dentro da caixa que corresponda.

Solución: Actividade en grupo.

Actividades de ampliación

1. Pedirémoslles aos alumnos que seleccionen un animal en perigo de extinción que viva no Parque Nacional que escolleron na Actividade 4 do libro.

Buscarán información para completar os seguintes datos:

1. Como é?
2. Onde vive?
3. Que come?
4. Que inimigos ten?

Solución: Actividade en grupo.

Navegamos por Tiching

- http://www.tiching.com/ 84006 – Nesta páxina do Ministerio de Medio Ambiente encontramos un documento Excel que contén o catálogo de especies ameazadas en España.

Observarémolo entre todos e escolleremos algúns animais e plantas para que os nenos busquen máis información sobre eles.

- http://www.tiching.com/675985 – Visionaremos cos alumnos este vídeo para lembrar como temos que reciclar.

Libro dixital

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

Anotacións

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

- O apartado *Repaso o aprendido* permitirá que os alumnos revisen os contidos traballados nos distintos apartados:

- Un esquema ordena visualmente os contidos relacionados cos diversos tipos de paisaxes que apareceron ao longo da unidade.
- Repásanse os elementos naturais e humanos que forman unha paisaxe.
- Proponse unha redacción sobre a transformación que o ser humano provoca sobre a paisaxe.
- Proponse a correcta utilización do vocabulario aprendido ao longo do tema.
- Tamén se propón unha actividade de memoria visual para aprender xogando.

Solucións das actividades

1. Actividade persoal.

2. As frases completas quedan da seguinte maneira:

- As paisaxes poden ser *naturais* ou humanizadas.
- Os *seres humanos* transformamos coas nosas actividades a paisaxe natural.
- En función do relevo e a proximidade ao mar as paisaxes clasifícanse en montaña, *chaira* e *costa*.
- Unha illa está rodeada de *auga por todas as partes*.
- Unha península está rodeada de auga *por todas as partes* menos *por unha* coa que se une ao *continente*.
- O golfo e a *baía* son partes do *mar* que se introducen na *terra*.

3. Actividade persoal. A modo de exemplo:

O ser humano transformou a súa redonda facendo desaparecer en moitas ocasións a *vexetación* e levando a cabo a *construción* de vivendas, campos de cultivo, estradas, pontes, etc. Deste xeito, moitas *paisaxes naturais* pasaron a ser *humanizadas*.

Repaso o aprendido

1. Copia este mapa conceptual no teu caderno.





2. Copia e completa.

- As paisaxes poden ser … ou humanizadas.
- Os … transformamos coas nosas actividades a paisaxe natural.
- En función do relevo e da proximidade ao mar, as paisaxes clasifícanse en montaña, … e … .
- Unha illa está rodeada de … por … .
- Unha península está rodeada de auga por … menos … coa que se une ao … por todas partes menos por unha.
- O golfo e a … son partes do … que penetran na … .

3. Resume mediante unha redacción.

- Explica nunha redacción como o ser humano transforma a paisaxe.
- Utiliza as seguintes palabras: paisaxe, natural, humanizada, construción, vexetación.

60 Tema 4

Intelixencia múltiple	Actividade	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Lingüística	3	Redactar un texto descritivo empregando o vocabulario específico traballado no tema.
	4	Ler un texto e substituír algunhas expresións coloquiais polo vocabulario específico traballado no tema.
Intrapersoal	6	Memorizar unhas imaxes e identificar os tipos de relevo costeiro que representan.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sociais e cívicas	Explicar que é unha paisaxe e identificar os principais elementos que a compoñen. Identificar as características propias das paisaxes de montaña, chaira e costa.	Identificar os elementos naturais e humanizados dunha paisaxe. Act. 1, 2, 3, 5. Recoñecer o relevo das paisaxes de costa, chaira e montaña. Act. 4 e 6.
Aprender a aprender	Organizar, memorizar e recuperar a información obtida.	Comprender a información dun esquema e completar oracións sobre o tema. Act. 1-2.
Comunicación lingüística	Utilizar o vocabulario específico da área.	Empregar o vocabulario referente ao relevo da paisaxe. Act. 4.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

4. Copia o texto seguinte no teu caderno e substitúe as expresións subliñadas polas palabras apropiadas.

Saímos de excursión cedo. O refuxio atopábase na zona máis baixa da montaña.

Un estreito carreiro ascendía por un dos lados da montaña. En apenas tres horas chegamos á parte máis alta.

Desde alí puidemos divisar unha gran chaira entre montañas; ao fondo albiscábase un pequeno grupo de montañas con neve.

5. Observa como os seres humanos transformamos a paisaxe e responde as preguntas.

a. Cal destas fotografías corresponde a unha paisaxe natural? E cal a unha humanizada?

b. Describe os elementos da paisaxe que podes ver en cada fotografía.

c. Cal destes lugares escollerías para ir de vacacións? Por que?

XOGANDO TAMÉN SE APRENDE

6. Adestro a miña memoria.

Observa as seguintes imaxes durante 1 minuto. Despois tápaas cun papel. Enumera as formas da paisaxe costeira que aparecen e indica cales están repetidas.

4. O texto queda así:

Saímos de excursión cedo. O refuxio encontrábase ao pé da montaña.

Un estreito carreiro ascendía pola ladeira. En apenas tres horas chegamos á cima.

Desde alí puidemos ver o val: ao fondo albiscábase unha serra con neve.

5. a. A fotografía *a* corresponde a unha paisaxe natural e a fotografía *b* a unha paisaxe humanizada.

b. A fotografía *a* corresponde a unha paisaxe de costa na que se aprecian os seguintes accidentes xeográficos: unha baía, uns cantís e uns cabos.

A fotografía *b* tamén corresponde a unha paisaxe de costa pero moi alterada polo ser humano. Só pode distinguirse a praia e a construción de multitude de edificios de grande altura.

c. Resposta persoal.

6. Actividade persoal. Nas fotografías aparecen as seguintes formas da paisaxe costeira:

Fila superior de esquerda a dereita: *baía, illa, península, istmo, acantilado*.

Fila inferior, de esquerda a dereita: *illa, praia, cantil, baía, península*.

Están repetidas: *a baía, a illa, a península* e *o acantilado*.

COMPETENCIA	INDICADORES	TAREFAS E ACTIVIDADES
MATEMÁTICA, CIENCIAS E TECNOLOXÍA	Recoñecer no medio as transformacións ocorridas.	Identificar os diferentes elementos humanizados da paisaxe. Act. 5.
SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPREN...	Participar de forma autónoma na planificación de diferentes actividades.	Realizar unha redacción persoal sobre o tema estudado. Act. 3.

Actividades de ampliación

1. Pedirémoslles aos alumnos que busquen na Internet fotografías das seguintes formas do relevo:

Delta	Cordal
Serra	Depresión
Meseta	Arquipélago

Despois observarémolas e comentarémolas entre todos.

Solución: Actividade en grupo.

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/676006 – Esta páxina web ofrece a posibilidade de repasar os contidos do tema pero mediante diferentes xogos interactivos.
- http://www.tiching.com/683295 – Utilizaremos este enlace para repasar o tema. Consiste en actividades interactivas para repasar os diferentes tipos de paisaxes.

ANOTACIÓNS

.....

.....

.....

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Avalío os meus logros

1. Observa as fotografías:

- A que tipo de paisaxe corresponde cada unha?
- Localiza as formas do relevo de cada paisaxe:

montaña | val | praia | acantilado ou cantil | delta | illa | golfo | cabo | estreito | ladeira

- Identifica en cada paisaxe dous elementos humanizados.

2. Relaciona no teu caderno os termos dos dous grupos:

rotación	estacións do ano
continentes	océanos
translación	días e noites

3. Responde as seguintes preguntas:

- En que se diferencia unha paisaxe natural dunha paisaxe humanizada?
- Por que cando en España é inverno en Arxentina é verán?
- Por que lle chamamos planeta azul á Terra?

4. Busca na Internet un planisferio mudo semellante a este e imprímeo:

- Sitúa no mapa:
  - Os seis continentes: Europa, Asia, América, África, Oceanía e a Antártida.
  - Os cinco océanos: Atlántico, Pacífico, Índico, Ártico e Antártico.
  - O Ecuador, o hemisferio Norte e o hemisferio Sur.
- Colorea os continentes e os océanos.



5. Completa a táboa no teu caderno:

Troposfera	...	...	Termosfera
Concentra a meirande parte do aire	...	...	...
Fenómenos atmosféricos	...	Estrelas fugaces	...

6. Neste debuxo, o Sistema Solar está incompleto:

- Cantos planetas faltan? Cales son?
- Que posición ocupan en relación co Sol? Atópanse antes ou despois do cinto de asteroides?
- Reproduce no teu caderno o debuxo do Sistema Solar completo.



7. Completa o ciclo da auga no teu caderno coas palabras que faltan:

- A auga ... do mar ... coa calor do Sol e convértese en ....
- O vapor de auga arrefría e ... en forma de pequenas pingas que se agrupan e forman as ....
- A auga das nubes cae sobre a terra en forma de ..., ... ou ....
- Unha parte da auga que caeu vai parar aos ... e aos .... Outra parte infíltrase no solo e forma as augas ....
- A auga subterránea e a dos ... volve ao ....



Solucións das actividades

Avalío os meus logros

1. As respostas son:

- A fotografía *a* corresponde a unha paisaxe de montaña, mentres que a *b* corresponde a unha paisaxe de costa.
- Actividade persoal. Á fotografía *a* correspóndenlle estas formas de relevo: *montaña, val, ladeira*.

  Na fotografía *b* pódense observar as seguintes: *praia, acantilado, illa, golfo, cabo, estreito*.
- Elementos humanizados da fotografía *a*: as casas da aldea, a estrada, os camiños e os campos de cultivo.

  Elementos humanizados da fotografía *b*: as casas da aldea, a estrada, o porto.

2. O movemento de *rotación* é o que orixina a sucesión dos *días e as noites*.

Intelixencia múltiple	Actividade	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Espacial	1 *Avalío*, 1 *Practico*	Identificar elementos ou puntos concretos en imaxes de paisaxes.
	4, 6 *Avalío* 2 *Practico*	Ler, interpretar e completar esquemas gráficos, mapas e planos.
	5 *Practico*	Expor por escrito as características dunha paisaxe a partir dunha fotografía.
Lóxico-matemática	3 *Practico*	Resolver un problema matemático sinxelo.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sociais e cívicas	Identificar os planetas e outros corpos que forman o Sistema Solar. Analizar as formas de representación da Terra. Explicar as características do aire e da auga. Explicar que é unha paisaxe e os elementos que o compoñen.	Recoñecer o Sistema Solar e caracterizar a Terra. Act. 2, 4, 6 de *Avalío* e 6 de *Practico*. Traballar sobre planisferios e planos. Act. 4 *Avalío* e 2 *Practico*. Expor as capas da atmosfera e o ciclo da auga. Act. 5,7 *E*. Identificar os elementos dunha paisaxe. Act. 1, 3 *E*., e 1, 5 *P*.
Matemática, ciencias e tecnoloxía	Aproximarse ao método científico observando procesos naturais.	Interpretar un plano e un esquema do Sistema Solar. Act. 6 *E* ., 2 *P*.
Dixital	Utilizar as Tecnoloxías da Información para aprender.	Buscar na Internet un planisferio mudo. Act. 4 *Avalío*.
Comunicación lingüística	Describir elementos empregando o vocabulario propio da área.	Empregar o vocabulario referente ó relevo e á paisaxe. Act. 1, 5 *P*.
Aprender a aprender	Esforzarse por resolver actividades de crecente complexidade.	Trazar un camiño nun plano e identificar os astros. Act. 2, 6 *P*.
Sentido de iniciativa e espírito empren...	Reflexionar sobre as normas de convivencia.	Identificar as normas de convivencia nunhas colonias. Act. 3, 4 *P*.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Practico competencias

1. Imos pasar uns días cos compañeiros da clase nunha casa onde se organizaron uns campamentos. Observa a fotografía:

- Localiza a casa onde se organiza o campamento. Onde se atopa, na vila ou nos arredores?
- Coidas que poderemos ir andando á vila ou está demasiado lonxe? Razoa a túa resposta.

2. A túa familia virate buscar o último día e aloxarase no hotel da vila. Prepáralles o itinerario para chegar ao campamento:

- A partir da fotografía elabora un plano sinxelo da vila. Podes axudarte co exemplo.
- Sitúa no plano estes elementos co seu nome:

hotel | estrada | campos de cultivo | restaurante | camiño | vila | casa de campamentos

- Traza o itinerario que debe seguir a túa familia desde o hotel ata a casa de campamentos.



3. Os monitores organizan grupos para realizar as grandes tarefas:

- As tarefas repartiranse en 4 grupos. Se sodes 23 nenos, cantos seredes en cada grupo?
- Hai algún grupo con menos nenos?
- Le as tarefas. Asígnalle ao grupo con menos nenos a que che pareza menos dura. Xustifica a túa elección.

Tarefas en grupo

1. Recoller os aseos pola mañá.
2. Poñer a mesa, axudar a servir o almorzo e recoller o comedor.
3. Servir o xantar e recoller o comedor.
4. Servir a cea e recoller o comedor.

4. Para asegurar unha boa convivencia durante estes días son necesarias unhas normas de comportamento:

- Elixe as normas que axudan a unha boa convivencia e xustifica a túa elección.

✔ Respectar os horarios das comidas.
✔ Non tirar papeis nin envases ao chan.
✔ Realizar só tarefas que nos gustan.
✔ Deitarnos cando queiramos.
✔ Ir sempre en grupo nas excursións e obedecer os monitores.
✔ Non participar nas actividades se non nos apetece.

- Engade outras normas de convivencia que che parezan necesarias.

5. Envíalle un correo electrónico á túa familia e explícalles como é a paisaxe. Para iso sigue estas indicacións:

- Describe como é o relevo: montañoso ou chan.
- Explica o que ves desde a casa. Hai bosques? E campos de cultivo? Son grandes? Como se separan uns campos doutros?
- Como é a vila? As casas están xuntas? Hai edificios nos arrabaldes?
- A vila está ben comunicada? Por que?

6. A última noite realizarase, no patio da casa, unha actividade para observar o ceo:

- Por que na Terra hai unhas horas do día sen luz solar?
- Que astros se poderán ver no ceo se está despexado?
- Como podes recoñecer a Estrela Polar?

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/676561 – Páxina web que podemos utilizar para repasar e/ou facer un resumo sobre o tema de tipos de paisaxe.

A continuación, podemos proporlle ao alumnado que elabore un mapa conceptual de imaxes dos diferentes tipos de paisaxe. Para iso, o alumno terá que buscar imaxes e relacionalas co mapa.

- http://www.tiching.com/676563 – Recurso realizado polo Instituto de Tecnoloxías Educativas que presenta diferentes actividades para que o alumno poida repasar de maneira divertida os coñecementos sobre o Sistema Solar, en particular, e sobre astronomía en xeral.

- http://www.tiching.com/676571 – Podemos utilizar este esquema para lembrar o funcionamento do ciclo da auga. Tamén se poden realizar algunhas das actividades que se propoñen sobre o tema.

LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.

- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

Os *océanos* ocupan tres cuartas partes da superficie terrestre. Os *continentes*, o resto.

O movemento de *translación* dá lugar ás *estacións do ano.*

3. As respostas ás preguntas son as seguintes:

– Nunha paisaxe natural só hai elementos naturais, e non foi alterado polo ser humano. Unha paisaxe humanizada contén elementos construídos polas persoas.

– Porque a inclinación do eixe terrestre fai que os raios do Sol incidan directamente sobre o Hemisferio Sur, mentres que chegan moi inclinados e con pouca intensidade ao Hemisferio Norte.

– Chamámola planeta azul por que desde o espazo destaca a abundancia de auga na súa superficie e porque o osíxeno da atmosfera tamén lle achega esa tonalidade.

4. Actividade persoal.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

A modo de exemplo:

5. *Troposfera*: Concentra a maior parte do aire. Nela teñen lugar os fenómenos atmosféricos.

Estratosfera: Capa de ozono. Globos meteorolóxicos.

Mesosfera: Aire moi escaso. Estrelas fugaces

Termosfera: Satélites. Aurora boreal.

6. Faltan 3: Venus, Terra e Xúpiter.

Venus e a Terra están antes do cinto de asteroides. Xúpiter está despois.

Actividade persoal.

7. A auga *superficial* do mar *evapórase* coa calor do Sol e convértese en *vapor de auga*.

O vapor de auga arrefríase e *condénsase* en forma de pequenas gotas que se agrupan e forman as *nubes*.

A auga das nubes cae sobre a terra en forma de *chuvia, neve* ou *sarabia*.

Unha parte da auga que caeu vai parar aos *ríos* e aos *lagos*. Outra parte infíltrase no chan e forma as augas *subterráneas*.

A auga subterránea e a dos *ríos* volve ó *mar*.

Practico competencias

1. Actividade persoal. A casa de colonias encóntrase nos arredores da aldea.

Os nenos poderán ir camiñando á aldea, xa que está moi preto da casa de colonias.

2. Actividade persoal.

Os alumnos anotarán sobre o plano os lugares indicados, axudándose da fotografía.

A modo de exemplo sinalamos cal será o camiño que deberá seguir a familia:

– *Ao saír do hotel tomarán o camiño en dirección ao restaurante e antes de chegar a el tomarán o* camiño que continúa á esquerda. Camiñarán deixando á dereita uns campos de cultivo e collerán o primeiro desvío que encontren á esquerda, que dá acceso aos terreos da casa de colonias.

3. As respostas poden ser as seguintes:

– Haberá tres grupos de 5 nenos e un grupo de 3 nenos.

– Si. Haberá un grupo formado por 3 nenos.

– Resposta persoal. A modo de exemplo, podemos asignarlle ao grupo máis pequeno a tarefa de recoller os aseos pola mañá porque é a menos dura.

4. As normas que axudan a unha boa convivencia son as seguintes:

– Respectar os horarios das comidas: porque é importante que todos realicen as comidas ao mesmo tempo.

– Non tirar papeis nin envases ao chan: porque todos debemos colaborar en manter limpa a casa de colonias.

– Ir sempre en grupo nas excursións e obedecer os monitores: porque así evitaremos perdernos e seguiremos os consellos máis adecuados para non correr riscos innecesarios.

Outras normas poderían ser:

– Respectar o mobiliario e os obxectos da casa.

– Gardar silencio pola noite.

5. Actividade persoal.

6. As respostas son:

– Na Terra hai unhas horas do día sen luz solar porque o movemento de rotación fai que se sucedan o día e a noite. Durante o día o Sol ilumina unha zona do planeta e durante a noite esta zona queda ás escuras.

– Pola noite, se o ceo está despexado, podemos ver a Lúa, as estrelas e algúns planetas.

– A Estrela Polar sempre sinala o Norte. Hai unha técnica moi doada para a localizar a partir das dúas últimas estrelas da Osa Maior:



Abondará con prolongar a liña que forman esas dúas estrelas e daremos coa Polar.

NAVEGAMOS POR TICHING	
TICHING	**WEBS**
http://www.tiching.com/83935	https://www.youtube.com/embed/Mk8c691G2l4?wmode=transparent&utm_source=tiching&utm_medium=referral
http://www.tiching.com/83960	http://www.slideshare.net/Nysea/tipos-de-paisajes
http://www.tiching.com/83969	http://www.fotored.es/galeria/paisajes-urbanos-rurales
http://www.tiching.com/83971	http://www.seap.minhap.gob.es/dms/es/ministerio/delegaciones_gobierno/delegaciones/galicia/actualidad/notas_de_prensa/notas/2009/05/2009_05_12/DERIVAPANOR-MICA.jpg
http://www.tiching.com/84006	http://www.magrama.gob.es/es/biodiversidad/temas/conservacion-de-especies-amenazadas/catalogo-nacional-de-especies-amenazadas/acceso_catalogo.aspx
http://www.tiching.com/675978	http://conteni2.educarex.es/mats/62013/contenido/
http://www.tiching.com/675980	https://www.youtube.com/watch?v=QZsLWPVgB1c
http://www.tiching.com/675981	https://www.youtube.com/watch?v=Bpl_1wm20us
http://www.tiching.com/675982	http://www.uclm.es/profesorado/ricardo/practicum/relieve/llanuras%20y%20valles.htm
http://www.tiching.com/675984	http://educacion.practicopedia.lainformacion.com/ciencias-naturales/como-se-forma-un-delta-11106
http://www.tiching.com/675985	https://www.youtube.com/watch?v=bXIudcVrlbk
http://www.tiching.com/676006	http://www.clarionweb.es/3_curso/c_medio/cm307/cm_307.htm
http://www.tiching.com/676561	http://elmaestromanu.blogspot.com.es/2013/04/tipos-de-paisaje.html
http://www.tiching.com/676563	http://ntic.educacion.es/v5/web/pamc/pamc_2000/2000_astronomia_ninos/
http://www.tiching.com/676571	http://www.juntadeandalucia.es/averroes/sanwalabonso/wqyct/mq_agua/ciclodelagua.htm#Escenario
http://www.tiching.com/683295	http://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1287564019/contido/index.html

ANOTACIÓNS

© VICENS VIVES